D. José Simoes Couceiro informa de que o texto de consenso foi acordado na tarde de onte, non tendo constancia da presentación de moción algunha por parte do Grupo Municipal do PP. Di que comparte o argumentario da súa moción na totalidade se ben cualifica a proposta como “débil” e “corta”. Anuncia o voto favorable do seu grupo ao texto de consenso.

*[Abandona a sesión D. Francisco Javier Crespo Romeo sendo as 13h17min.]*

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez. O portavoz do Grupo Municipal do PP di que o texto que lles chegou da moción do BNG era un texto cuxo principio era “ofensiva reaccionaria e patriarcal...”, e da que ían votar en contra; que hoxe lles chegou a do PSOE, que di podería ser asumible, non tendo constancia ata este momento do texto de consenso. Considera que, neste tema, hai que intentar sumar e non ir contra ninguén, en tanto que lle parece que o BNG utiliza o 8 de marzo para atacar á Xunta e co que entende ten máis interese en facer política que en defender os dereitos das mulleres. Conclúe a súa intervención anunciando o voto en contra do seu grupo á moción consensuada.

A continuación intervén Dña. Ana Veira García quen di que lle chama a atención que un político fale de “facer política” co asunto. Considera que o Pleno é o lugar para facer política; di que facer política é unha cousa “honrosa” da que un non se pode avergoñar e que dende a casa tamén faría política (política do día a día: mercar no comercio local, leite galego...). Defende a moción presentada polo seu grupo en tanto que se fala dos problemas e de proxecto. Considera que se debe de facer crítica do que non se fai por parte das administracións e que o papel da Xunta en tanto á obstaculización da folga, o ano pasado, está recollido en sentenzas



xudiciais. No que respecta á moción do PP considera que é moi xenérica, a máis xenérica dos últimos anos e aínda que habería algunha cousa que se podería cambiar, ve cousas que poderían encadrar na moción conxunta.

D. José Simoes Couceiro indica que ten chamado á portavoz do BNG para consensuar un texto porque é da que tivo constancia, non da do PP e di que poden dar un paso para dicir que a ían presentar e chamar.

De seguido prodúcese un debate sobre a coxuntura do ano pasado en relación con este asunto. D. Andrés Pérez Pérez fai referencia á moción que tamén se presentou por parte dos dous grupos, PSOE e BNG.

Dna. Ana Veria di que o ano pasado houbo unha reunión dos tres grupos para consensuar un texto se ben considera que non se puido chegar a acordo porque había dúas posicións claras, en tanto que o PP dixo que non ía asinar ningunha moción que falara de folga, do que se fala tamén na moción deste ano, sendo o apoio a esta folga un dos obxectivos da moción e non considera oportuno que se diga que non se lles chamou para consensuar un texto, en tanto que dubida que se fora aceptar o apoio do PP á folga feminista.

De seguido intervén Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A concelleira do PP di ter outra visión do que pasou o ano pasado no que di, non vai entrar, se ben considera que se lles debía de ter chamado para consensuar un texto aínda que non se chegara a acordo. Conclúe indicando que a idea do seu grupo era acordar unha declaración conxunta sobre o 8 de marzo.

Dna. Ana Veira García pregunta se terían admitido o punto relativo ao apoio á folga, que considera irrenunciable, ao que a Sra. De Vicente Olarte resposta que habería que miralo. O Sr. Presidente propón que, se o problema para o PP é a exposición de motivos e tendo en conta que do que se da traslado é dos acordos, a eliminación do contido da exposición de motivos.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte fai referencia a que non tiveron tempo para o estudo do texto conxunto.

De seguido, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión na orde do día do texto conxunto, quedando **RATIFICADA POR UNANIMIDADE DOS MEMBROS PRESENTES, A URXENCIA E A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA**

A continuación, sométese a votación a moción conxunta, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 6 votos a favor** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE (5): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado; e do BNG(1): Dna. Ana María Veira García; e **3 votos en contra** do resto das concelleiras e concelleiros, do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez, o **ACORDO** seguinte:

- 1. Manifestar o seu recoñecemento e apoio a Galegas 8M e á convocatoria de manifestación nacional do día 3 de marzo e de folga de mulleres do 8 marzo de 2019, así como manifestar a desaprobación da Xunta de Galiza por ter actuado de forma incorrecta vulnerando o dereito fundamental de folga diante do pasado 8 de marzo de 2018 e non ter impulsado unha rectificación das súas políticas, que contribúen á permanencia da desigualdade. Así mesmo, esta corporación manifesta o seu compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de dereitos, de forma especial canto a violencia machista, o dereito ao aborto e a permisividade ou legalización dos ventres de aluguer.**
- 2. O Pleno do Concello de Pontedeume solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados así como a Xunta de Galicia a elaboración e**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

posterior aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral e dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados e no Parlamento Galego.

3. A totalidade dos Grupos Municipais comprometémonos a traballar polo avance da sociedade cara á igualdade de xénero, rexeitando calquera retroceso en dereitos e liberdades para as mulleres.

4. Todos os Grupos Municipais instan á elaboración e presentación para a súa aprobación dun Plan de Igualdade específico para os traballadores e traballadoras do Concello, no que figuren as diferentes medidas a adoptar para eliminar calquera discriminación de xénero e que contemple as medidas que se consideren co obxecto de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar con corresponsabilidade.

### 4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Dende a Presidencia dase conta da presentación por parte do Grupo Municipal do PP dunha moción:

#### **“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CON MOTIVO DO 8 MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”**

O Sr. Presidente somete a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día, quedando **RATIFICADA DA URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN, por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

De seguido, o Sr. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de



igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular do Concello de ... solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**O Concello de Pontedeume insta ao Goberno do Estado á:**

**1. Aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019**

**2. Aprobación da Lei de Conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida personal e familiar, neste ano 2019**

**3. Aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e, con especial consideración aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.**

**O Concello de Pontedeume insta á Xunta de Galicia a:**

**1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións. Doutra, impulsar os bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente aquelas que residan nun Concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.**

**2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e extender estes programas ás empresas e as entidades locais de Galicia neste 2019.**

**3. Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito competencial.”**

De seguido, a Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra Dna. Ana Veira García quen indica que o BNG no 2016 pedía estas cousas e que celebra que as cousas que se falan se vaian metendo dentro do discurso doutros partidos e que, se agora o PP o pide, considera que os gobernos que no tiñan que facer non o fixeron, xa que se pide o mesmo que no 2016. Di que lle parecen importantes as cousas que se piden se ben bota en falta algo importante que é o chamado á folga, polo que considera moito máis completa a consensuada e que por tanto, non están para aprobala.

O Sr. Simoes Couceiro di que a moción do PP non recolle o chamamento á folga, se ben considera importante o que se pide se ben a considera moi floxa, corta. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Concluídas as intervencións, sométese a votación o texto da moción, **NON ADOPTÁNDOSE o ACORDO por MAIORÍA DE de 6 votos en contra** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE (5): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Marta Pico Machado; e do BNG(1): Dna. Ana María Veira García; e **3 votos a favor** do resto das concelleiras e concelleiros, do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Ana Veira di que había presentado unha moción do BNG relativa a “Poligal”, cuxo texto era o mesmo que a Declaración Institucional suscrita polos distintos grupos municipais e que polo tanto, xa dan por feito o traballo encomendado coa Declaración Institucional.

### 5.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2018).

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

#### REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DE 2018)

(Expediente TEdC: 2019/G006/000029)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 18/2019, de asunto: “Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda”, correspondente ao 4º Trimestre de 2018

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a luns 25 de febreiro de 2019.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 6.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2018.

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA.

#### DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2018.

(Expediente TEdC: 2019/G006/000030)

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, e visto o expediente co número 2019/X999/000068, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2018 así como os informes da Intervención, dáse conta da



liquidación do Orzamento anualidade de 2018, aprobada por Decreto nº 79/2019 de 19.02.2019.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 25 de febreiro de 2019”

## 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

### “ DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/02/2019

(Expediente TEdC: 2019/G006/000032)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidentencia ditadas, dos números **25.2019** de 28 de xaneiro ao **112.2019** .de 25 de febreiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto
2019/G003/000034	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS DECEMBRO 2018	00024/2019
2019/G003/000003	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN RELACIÓN ALTAS E BAIAS NOS TALLERES CULTURAI XERAIS 2018/2019	00025/2019
2019/G003/000033	INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2019.	00026/2019
2019/G003/000019	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00027/2019
2019/G003/000021	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00028/2019
2019/G003/000022	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00029/2019
2019/G003/000024	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00030/2019
2019/G003/000025	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00031/2019
2019/G003/000037	INCREMENTO SALARIAL DO 2,25% PAROA O PERSOAL FUNCIONARIO, PERSOAL LABORAL E ÓRGANOS DE GOBERNO NO EXERCIZO 2019	00032/2019
2019/G003/000026	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00033/2019
2019/G003/000027	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00034/2019
2019/G003/000038	APROBACIÓN NÓMINA MES XANEIRO 2019.	00035/2019
2019/G003/000043	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31.01.2019	00036/2019
2019/G003/000044	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31.01.2019	00037/2019

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2019/G003/000039	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ENTORNO DA PRAZA DO CONDE. FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2019.	00038/2019
2019/G003/000032	Solicitud de subvención para a Mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos nos concellos de Galicia. Aglomerado en San Cosme 2019	00039/2019
2019/G003/000047	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00040/2019
2019/G003/000048	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00041/2019
2019/G003/000041	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00042/2019
2019/G003/000050	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00043/2019
2019/G003/000053	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00044/2019
2019/G003/000046	Solicitud de subvención para a contratación de 2 peóns para labores de valorización forestal. Aprol Rural 2.019	00045/2019
2019/G003/000056	OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA ANIMAIS RPP A NOME DE ...//...	00046/2019
2019/G003/000016	APROBACIÓN PADRÓN VIAQUA CUARTO TRIMESTRE 2018	00047/2019
2019/G003/000028	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DUN NOVO PARTICIPANTE NO PROGRAMA "MADRUGADORES" CURSO 2018/2019	00048/2019
2019/G003/000042	PADRÓN TAXA RECOLLIDA LIXO 2019	00049/2019
2019/G003/000058	OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA ANIMAIS RPP A NOME DE ...//...	00050/2019
2019/G003/000057	OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA ANIMAIS RPP A NOME DE ...//...	00051/2019
2019/G003/000051	Solicitud subvención para contratación técnico de deportes dEputación 2019	00052/2019
2019/G003/000049	Solicitud subvención para contratación DE PERSOAL técnico de OFICINAS DE TURISMO. diputación 2019	00053/2019
2019/G003/000065	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 52/2019 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO DE DEPORTES. DEPUTACIÓN 2019. EXPTE 2019/G003/000051	00054/2019
2019/G003/000005	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE DECEMBRO 2018	00055/2019
2019/G003/000002	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE NOVIEMBRE DE 2018	00056/2019
2018/G003/000775	DUPLICIDADE DE TAXA DE LIXO DE DON ...//...	00057/2019
2018/G003/000761	DUPLICIDADE DE TAXA DE LIXO DE ...//...	00058/2019
2018/G003/000794	DEVOLUCIÓN AVAL A SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L., CONSTITUÍDO PARA RESPONDER DO CONTRATO DE MONITORAXE DE ACTIVIDADES	00059/2019



	DEPORTIVAS MUNICIPAIS, OUTUBRO DE 2012 A SETEMBRO DE 2015 (EXPEDIENTE SV-A-02-2012)	
2019/G003/000060	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00060/2019
2019/G003/000064	Solicitud subvención para MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. diputación 2019	00061/2019
2019/G003/000062	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS PARA O ANO 2.019.	00062/2019
2019/G003/000068	Mellora do pavimento no viario de acceso ó polígono de Vidreiro. Parques empresariais 2019	00063/2019
2019/G003/000072	OPERACIÓN FIN DE EXERCICIO 2018	00064/2019
2019/G003/000067	APROBACIÓN PADRONS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE DECEMBRO DE 2018	00065/2019
2019/G003/000076	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN D. JOSE SIMOES COUCEIRO. PERÍODO DO 11.02.2019 AO 12.02.2019 AMBOS INCLUSIVE	00066/2019
2019/G003/000029	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA PAVIMENTACIÓN EN ROSALES E EDUARDO PONDAL (POS+ ADICIONAL 2017) Expte. 2019/C002/000001	00067/2019
2019/G003/000080	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN D. JOSE SIMOES COUCEIRO. PERÍODO DO 13.02.2019 AO 17.02.2019 AMBOS INCLUSIVE	00068/2019
2019/G003/000069	RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR TRÁFICO (DR (10176/2018)	00069/2019
2019/G003/000083	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 1. SUBEXPEDIENTE INCORPORACIÓN DE REMANENTES Nº 1.-	00070/2019
2019/G003/000086	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS ANO 2019	00071/2019
2019/G003/000045	RECLAMACION LABORAL DE ...//..., SOLITANDO RECOÑECEMENTO DE RELACIÓN LABORAL FIXA-DISCONTINUA.	00072/2019
2019/G003/000061	DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES por INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES DE CONDUCCION XERAL EN CABRÍA (PAS 2015). EXPTE. 2017/C003/000002	00073/2019
2019/G003/000081	Solicitud de subvención da Axencia de Turismo de Galicia. Sinalización recurso turísticos. 2019.	00074/2019
2019/G003/000085	Solicitud de subvención de tres proxectos para dinamización do Xacobeo 2021 dentro do programa O teu Xacobeo.	00075/2019
2019/G003/000087	RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO E 413 DECRETO	00076/2019
2019/G003/000099	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 21.02.2019	00077/2019
2019/G003/000084	APROBACIÓN PADRONS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA XANEIRO 2019	00078/2019
2019/G003/000101	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2018	00079/2019
2019/G003/000090	DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE	00080/2019
2019/G003/000097	CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DO "XXIX CONCURSO DE CONTOS VILA DE	00081/2019



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	PONTEDEUME"	
2019/G003/000070	PAGO DE RETENCIONS POR IRPF, MODELO 111 - XANEIRO 2019	00082/2019
2019/G003/000106	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 25.02.2019	00083/2019
2019/G003/000094	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00084/2019
2019/G003/000093	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00085/2019
2019/G003/000091	INICIO DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUÍNA DE INMOBLE EN RÚA EMPEDRADO, 38	00086/2019
2019/G003/000092	INICIO DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUÍNA DE INMOBLE EN RÚA EMPEDRADO, 40	00087/2019
2019/G003/000107	RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO PLENO E 413	00088/2019
2018/G003/000915	PAGO PREZO XUSTO EXPROPIACIONS DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PONTEDEUME-MIÑO	00089/2019
2019/G003/000105	RELACION DE FACTURA F/2019/3	00090/2019
2019/G003/000104	RENOVACIÓN POR CADUCIDADE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00091/2019
2019/G003/000098	Solicitud subvención para contratación de peroxal nas oficinas de turismo entre o 15 DE xuño ao 15 de setembro. 2019	00092/2019
2019/G003/000078	RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR INCOADO O CONCELLO DE PONTEDEUME FEITOS SANCIONADOS: DESATENCIÓN A UN REQUERIMENTO DE AUGAS DE GALICIA EN MATERIA DE VERTIDOS EN VER	00093/2019
2019/G003/000102	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO SANCIONADOR TRÁFICO DR (13884/2018)	00094/2019
2019/G003/000054	INCOACCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA (POS ADICIONAL 2016). EXPTE. 2017/C003/000005	00095/2019
2019/G003/000119	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 2, SUBEXPEDIENTE INCORPORACIÓN DE REMANENTES NÚMERO 2.-	00096/2019
2019/G003/000089	Solicitud do Programa de subvencións para limpeza de praias marítimas. Deputación 2.019	00097/2019
2019/G003/000116	Solicitud subvención para Reposición de viales en Urbanización Olmo	00098/2019
2019/G003/000115	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO (POS+ 2019)	00099/2019
2019/G003/000113	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN A CASQUEIRA (POS+ 2019)	00100/2019
2019/G003/000121	PROXECTO MODIFICADO PARA PAVIMENTACIÓN RÚA GONZALO TORRENTE BALLESTER (POS+ 2019)	00101/2019
2019/G003/000074	Xustificación do Dinamizador do Plan de Inclusión Dixital. 4º trimestre ano 2.018.	00102/2019



2019/G003/000111	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00103/2019
2019/G003/000126	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3, SUBEXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 1.-	00104/2019
2019/G003/000059	RECLAMACION INTERESES CLECE SA	00105/2019
2019/G003/000096	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00106/2019
2019/G003/000123	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA ESTRADA VELLA (POS+ 2019)	00107/2019
2019/G003/000124	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE (POS+ 2019)	00108/2019
2019/G003/000109	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00109/2019
2019/G003/000110	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00110/2019
2019/G003/000127	NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTO INCLUIDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚMICO DE CONCELLOS) POS+ 2019	00111/2019
2019/G003/000103	Xustificación da prórroga do axente de desenvolvemento local para o ano 2017-2018.	00112/2019

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 25 de febreiro de 2019.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

## 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP, formula os seguintes **ROGOS**:

1. Rogamos doten de alumeadado público o aparcadoiro situado entre O Xardín e o mercado provisional.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se falou coa empresa.

2. Rogamos solucionen as filtracións da auga da rúa no bloque 6 do Olmo.

3. Rogamos arranxen os fochancas na saída a Ricardo Sánchez dende a Rúa Río Eume.

4. Rogamos arranxen a rúa entre o mercado e o Pilón.

O Sr. Presidente indica que esta actuación se contempla dentro da memoria da actuación que se vai facer agora.

5. Rogamos fagan as xestións pertinentes para solucionar os problemas que sofre o teito do transformador no Olmo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se lle trasladou a Fenosa.

6. A entrada ao Polígono de Vidreiro segue a estar chea de fochancas, rogamus o seu arranxo.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

7. Os sumidoiros da Rúa Santiago están atascados, rogamos procedan á súa limpeza .

8. Rogamos pinten a praza de minusválido onde converxen a Rúa Inmaculada e a Praza Do Conde

D. José Simoes Couceiro di que houbo un problema, xa que non cumpría unha serie de condicións.

9. O cableado nas rúas Real, Cantón e Mancebo seguen de calquera maneira, volvemos a pedir que fagan as xestións oportunas para solucionar este problema

10. Levamos tres anos pedindo o arranxo do alumado na Praza Maestro Álvaro e arredores, pensamos que vai sendo hora de que solucionen este problema.

O Sr. Presidente indica que a única solución para a solución do problema é levantar toda a instalación eléctrica e que non hai cartos para iso.

Piden tamén que se repoñan os cristais das farolas ao longo de todo o pobo.

11 Auga para O Pilón.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que vai tamén na mesma memoria.

Finalmente, Dna. Ascensión de Vicente Olarte indica que hai un sillón abandonado á entrada da "Praza da Calzada" onte pola noite.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1. Para cando teñen pensado facer efectiva a convocatoria das prazas da RPT?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Formación, Réxime Interno e Emprego indica que a modificación da RPT está en proceso de exposición pública e que o prazo remata o 19 de marzo e se non hai novidade, quedaría aprobada definitivamente. A partir de aí, iniciárase o traballo para quitar as máis urxentes.

2. Teñen prevista algunha medida para revitalizar o Feirón?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo indica que se vai apostar pola oferta de produto autóctono e que o mercado municipal abrirá polas tardes. Di que se fará unha promoción conxunta das dúas actividades: Mercado Municipal e Feirón.

Dna. Ana Veira pide intervir para completar a pregunta e interesase polo proxecto de revitalización do que se falaba.

A Sra. Vázquez Busto di que non hai un proxecto feito sobre a mesa, que se está a traballar na recopilación de datos para a elaboración dun estudo de mercado e a elaboración do proxecto de revitalización por parte dunha empresa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro da conta do traballo realizado (contactos, a apertura do mercado polas tardes, a oferta de produto autóctono e artesanía como elemento diferenciador...), se ben o Concello non ten capacidade para facer o



estudo de mercado. Di que o proceso está aberto a distintos sectores dos que se escoitaron e dos que se acollerán propostas, convidando aos grupos a facer as súas e sinala a apertura do Mercado Municipal como elemento necesario para a revitalización do feirón.

3. Volvemos a preguntar polas axudas de material escolar, xa están pagas as do curso 2017-2018? En que punto se atopan as do 2018-2019?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes di que as de 2017-2018 quedaron pagadas o ano pasado e que agora están en proceso concesión, xa feita a baremación.

4. Desde a última vez que preguntamos, hai algunha novidade respecto ao novo albergue?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que chegou hai cousa de quince días a resolución de Patrimonio favorable ao proxecto, sobre o que hai que facer unhas pequenas modificacións.

5. Cando prevé a empresa construtora ter rematado totalmente o mercado? .Xa teñen o borrador coas bases para os postos?

O Sr. Fernández Piñeiro di que a obra grande está rematada, pendente duns remates pequenos. Informa que a intención é recepcionar a obra na primeira quincena de marzo. A unha pregunta de Dna. Ascensión de Vicente Olarte sobre as aceras e outras actuacións, o Sr. Presidente indica que o que non se fixo non está recollido no proxecto da obra do mercado e forma parte doutra actuación que se contratará e na que se recollen as beirarrúas, as escaleiras de porto, a conexión da fonte...

D. Andrés Pérez Pérez pregunta polo borrador das bases para as concesións dos postos.

O Sr. Fernández Piñeiro di que o borrador foi entregado ao goberno local e que se está a revisar xurídicamente e se adapte á lexislación vixente e que será daquela cando se dea conta aos grupos, se ben indica que non se pode facer público tendo en conta que se trata dun documento sobre unha concesión administrativa.

Dna. Ana Veira García di que considera que as bases da concesión xa debían de estar, tendo en conta que se sabía cando se ía rematar a obra e considera que non houbo programación.

O Sr. Alcalde-Presidente defende as xestións do seu goberno en tanto que as cousas se fixeron cando se puido.

De seguido prodúcese un debate sobre os tempos relativos á tramitación do expediente.

Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta do traballo realizado ata este momento e que nos vindeiros días se tomará unha decisión. Fai referencia ás circunstancias que se sucederon para coa obra e que o traballo se fixo cando se puido co obxectivo de facelo ben, tendo en conta o sensible do tema.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se puido comezar a traballar co contido dos pregos antes de saber como ía quedar a obra, poñendo como exemplo o acontecido coa rúa San Miguel, que puido ter derivado nunha modificación do proxecto e por tanto, afectaría aos postos en base aos que se quitarían as concesións. Apunta á dificultade de localizar certa documentación no Concello relativa ás concesións actuais dos postos.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela di que se ten remitido unha copia da documentación aos/ás praxeiros e que os orixinais teñen que estar no Concello.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido prodúcese un debate sobre a concesión dos postos e as propostas ao respecto.

6. Cando se porá en marcha a nova páxina web do Concello?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que se está á espera de que se confirme a celebración dun evento turístico (Feira da Primavera do Camiño Inglés) para a súa presentación. Di que se obtiveron uns malos tempos de resposta e que se colleu un servidor privado, ao que hai que trasladar a información.

7. Fai un mes derrubouse unha casa no Empedrado, poñendo en perigo a casa do lado, a día de hoxe non hai nada que indique o perigo para coches e peóns. Qué medidas van a tomar como concello?

O Sr. Presidente di que caeu parte da fachada e que afectou a vivendas continuas, decidíndose demoler as edificacións logo da visita dos técnicos, que concluíron que non había perigo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pide que se miren novamente as accións a levar a cabo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se preguntou ao persoal técnico e que se ten iniciado un expediente de declaración de ruína e que agora son as persoas propietarias as que teñen que actuar.

8. Segue a acumularse escombros ao lado do edificio "Mirando al Mar" en Caldagreiro. Fixeron algunha xestión ao respecto?

O Sr. Alcalde-Presidente di que se trata dunha propiedade privada e que se deu traslado á empresa de construción para que o retire.

9. Estamos a ver que as rúas do casco histórico atópanse manchadas de aceite. Os veciños coméntannos que é da maquina varredora, teñen constancia deste feito? Pense facer algo ao respecto?

D. José Simoes di que a varredora perdía líquido hidráulico e que xa se reparou. Di que hai cinco ou seis días verteu líquido refrigerante.

10. A edificación fronte a FOREMDES atopase en situación de abandono, proba delo é a porta derrubada nun lateral, a través do cal pode pasar calquera. Dentro obsérvanse uralitas e outro material. Teñen pensado solucionar este tema?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o edificio é propiedade da Demarcación de Costas, que lle deixou facer uso ao Concello en cuxo patio se depositou acopio de materiais. Indica que xa se lle deu traslado a Costas. O Sr. Presidente, logo da pregunta da concelleira Dna. Ascensión de Vicente Olarte, sobre as negociacións para a súa cesión, indica que estas están avanzadas.

11. En que situación se atopa o bombeo de Centroña?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se estropeou unha peza hai cousa de un mes e pico. Da conta do proxecto existente para a reforma do sistema de bombeo e do proxecto da Deputación da Coruña, a licitación, para a substitución das bombas e ampliación do depósito.

12. Cando teñen pensado sacar os orzamentos?



O Sr. Alcalde-Presidente di que no mes de marzo.

De seguido, Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, formula os seguintes **ROGOS**:

1.- Recollida selectiva en Gunduriz.

A veciñanza non ten na zona colectores de recollida selectiva ( cristal, papel) polo que deben desprazarse en coche para poder facela. Rogamos instalación destes colectores neste lugar do concello.

2.- Molle próximo á ponte da autopista.

Ao final do paseo Rosalía de Castro atópase un molle, de acceso público, que se atopa nunha situación de perigoso deterioro e con abundantes pintadas. Solicitamos o seu amaño por parte da administración competente.

3.- Seguridade nos colectores do lixo.

Existen, aínda, moitos colectores que carecen de soportes de seguridade. Pregamos a colocación destas ancoraxes.

4.- Alumeado público no Castro.

En diversos lugares do Castro hai puntos de luz que non funcionan. Rogamos revisión e amaño destas deficiencias.

5.- Fochancas nas Virtudes e na Alameda.

En varios puntos destas rúas o empedrado ten fochancas que non só repercuten nos vehículos senón tamén nos viandantes. Solicitamos o seu amaño con urxencia xa que é unha importante zona de acceso ao caso da vila.

6.- Ordenanzas diversas.

Como xa vai sendo habitual, preguntamos polos cumprimentos das diversas promesas electorais. En marzo do 2013 o actual alcalde, daquela na oposición, preguntou pola Nova ordenanza municipal de ocupación de vía pública e que se regulase a instalación de terrazas. Quedan aínda non tres meses de mandato. Rogamos fagan efectivos os cumprimentos electorais.

7.- Zona da Praza do Conde.

No tramo da praza do Conde que vai cara a rúa Inmaculada hai unha zona co pavimento levantado. Pedimos a súa pronta adecuación.

8.- Actividades para a mocidade.

A mocidade desta vila leva anos sen ter unha programación estable de actividades de lecer nas fines de semana. Rogamos a posta en funcionamento desta promesa.

9.- Rúa Eduardo Pondal.

A publicidade é unha das accións que se lle dá ben a este goberno municipal, aínda que moitas veces son de realidades parciais. Na rúa Eduardo Pondal publicitouse un "Gran arranxo" que facilitaba a vida da veciñanza. Mais existe unha varanda que deberá servir de axuda á seguridade nesta rúa que está rota, deteriorada e podre. Solicitamos a retirada da mesma e a colocación dunha que se adecúe ás normas de seguridade.

10.- Uso das máquinas de soprado.

Actualmente utilízanse neste concello máquinas de soprado. Estas emiten un elevado nivel de ruído que excede do permitido ( nalgúns casos comprobados con máis de 85 dB). Así mesmo o seu uso prodúcese antes do horario permitido por lei ( dende as 8.00h). Sen obviar que emiten polvo contaminante que prexudican á saúde. Estes sopradores de follas van en contra da Directiva 2002/49/CE del Parlamento Europeo sobre evaluación e xestión do ruído ambiental,

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

do Decreto 106/2015 de 9 de Julio sobre contaminación acústica en Galicia e de la Ley 37/2003 de 14 de noviembre. Rogamos a supresión do uso deste tipo de maquinaria

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Bases para licitación dos postos do mercado.

No pleno de xaneiro do 2019 afirmouse que nunha semana estarían esas bases feitas. Xa están feitas estas bases? Poderán explicar o esencial das mesmas? Por que os grupos municipais non foron consultados nin dispoñen dun borrador destas bases ?

Dáse por contestada na quenda de preguntas do Grupo Municipal do PP.

2.- Orzamento 2018.

Hai un remanente de tesourería para gastos xerais de máis dun millón de euros ( 1.326.963,40€).

Cal é obxectivo de ter un superavit de máis de 1 millón de euros ?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o remanente non é un obxectivo se non unha consecuencia e que está motivado polo cumprimento dunha serie de requisitos que fai cumprir o Ministerio en materia económica que fai que se teñan eses resultados. Fai referencia á necesidade de cumprimento da regra de gasto para poder destinar os cartos ás actuacións. Conclúe indicando que hai que agardar á aprobación do vindeiro orzamento Xeral do estado para ver a forma de gastar o remanente. Recorda que do orzamento anterior, o remanente destinouse a distintos aglomerados e á obra da pista de pádel...

3.- Proxecto de revitalización do Feirón.

Durante este mandato fixemos múltiples preguntas sobre este tema e recibimos moitas respostas nas que se ligaba isto ao mercado. Xa está elaborado este proxecto? Quen está elaborando o proxecto ? Será aberto a propostas dos diferentes sectores? Cales son as directrices con que se está elaborando ?

Dáse por contestada na quenda de preguntas do Grupo Municipal do PP.

4.- PEPRI.

Despois de máis de 9 anos a Vila turística e monumental segue co mesmo aspecto abandonado e vello e a cidadanía sen aproveitar as axudas de rehabilitación e mellora. No boletín de xaneiro do PSOE publicítase un proceso. En que situación está o documento inicial? Cal é o tempo estimado de remate? Axudará o PEPRI a que non sigan a caer as fachadas sobre as rúas ?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o documento conta con informe de impacto ambiental favorable e que hoxe, o redactor, traerá o documento definitivo para a súa revisión e de ser o caso, rexístralo cara a súa aprobación inicial. Indica que coa aprobación deste Plan e coa creación dunha oficina de rehabilitación reduciríanse os prazos para a concesión das licenzas e e se tería a posibilidade de optar a axudas.

5- Acceso ao Polígono de Vidrieiro.

En febreiro do 2013 aprobouse por unanimidade unha moción do BNG que no punto 4 dicía “Demandar a urxente construción dun novo enlace da AP9 no polígono do Vidrieiro” En que situación está esta demanda ? Como foi a evolución % de solo ocupado por novas empresas durante os últimos 4 anos no polígono do Vidrieiro ??



O Sr. Fernández Piñeiro di que a proposta que foi trasladada descartouse pola lei de estradas, tendo en conta a distancia ao túnel. Recorda que se aprobou sempre unha partida para a actuación nos orzamentos xerais do estado que nunha se executou.

Sobre a ocupación do solo, o Sr. Alcalde di que a maioría das parcelas teñen propiedade e que na actualidade hai previstos dous proxectos de implantación e/ampliación, xunto co plan especial de "leite celta".

6.- Día da Paz ( acción 66).

Falaron de impulsar actividades en conmemoración deste día. Cal foi o programa que se realizou neste ano 2019?

Dende o goberno local indícase que non se fixo actividade algunha.

7- Pulo e recuperación de actividades ( acción 66):

Día da árbore; Aínda que a data de celebración oficial é o 21 de marzo, sabemos que esta celebración pode facerse noutros meses. Teñen organizada esta actividade para este ano 2019? Cal sería a súa programación?

Dende o goberno local indícase que se está a traballar na súa organización cara o día 21, en cuxa programación se incluíría a plantación de árbores, de cerdeiras...

8.- Promover a plantación de cerdeiras (acción 57)

Xa é tempo de facer efectiva esta promesa. O ano pasado ( marzo 2018) a resposta á pregunta deste grupo municipal foi que había tempo antes do remate da lexislatura. De que xeito se vai proceder ao cumprimento desta acción no 2019?

O Sr. Fernández Piñeiro remítese ao respostado anteriormente e sobre a pregunta de Dna. Ana Veira se hai terreo público en Ombre, onde se falaba de levar a cabo a acción, indica que non e que non se prometía a plantación en terreo público, se non que se falaba da promoción da plantación entre os veciños da parroquia.

9.- Plan de transporte público por estrada.

Nestas datas o goberno da Xunta publicitou este plan para o 2019. Os anteprojectos nos que está implicado este concello están abertos a alegacións. XG639: Termos municipais de Pontedeume, Cabanas, Vilarmador e Irixoa. XG641: Comarca do Eume. Hai cambios ? Vaise presentar algunha alegación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o Concello fixo as aportacións ao dito Plan nas distintas reunións ás que se lle convocou.

10.- Adecuación dun espazo de lecer nas inmediacións da igrexa de Centroña. Como está esta promesa?

O Sr. Alcalde-Presidente di que se está a negociar coas persoas propietarias.

11.- Beirarrúas de Centroña.

Esta é unha vella demanda da veciñanza que este goberno municipal prometeu facer realidade. Cal é a situación actual deste proxecto?

O Sr. Fernández Piñeiro di que non se prometeu. Anunciouse o proxecto, que está a aprobado e que se está a tramitar a dispoñibilidade dos terreos para a súa posta a dispoñición da Deputación.

12- Normalización.

No pleno de outubro de 2017 preguntamos polas actividades deste servizo e díxosenos que non había ningunha pois agardaban ter unha partida orzamentaria. O BNG presentou petición



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

para que así se fixese. Cal é foi programación de actividades de normalización no 2018? Que van facer para o 2019?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que se organizou un curso para a obtención do Celga 3, así como a participación nas actividades da rede de dinamización coa realización dun Obradoiro de xogos de mesa, dentro da programación de nadal.

13.- Pasos de peóns.

En múltiples plenos fixemos rogos nos que solicitabamos ao pintado de pasos de peóns en diferentes puntos do concello. Tamén solicitamos que se dotase aos existentes de iluminación axeitada co fin de evitar accidentes ( como xa pasou na Avda/ Ricardo Sánchez.). Para cando o paso de peóns da zona da pista de Centroña? O paso de peóns da alameda? A iluminación nos existentes?

D. José Simoes Couceiro di que no que respecta a Centroña a Deputación se comprometeu a pintar o paso de peóns e un stop cando se acometa unha canalización que está prevista. No que respecta á Alameda, xa está pedido o orzamento e que se realizará cando remate a obra. En Ricardo Sánchez está pendente a autorización da Xunta, que negou nun principio.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte e cinco minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

